



Concello de Vigo
Secretaría Xeral

INFORME XURIDICO CON PROPOSTA DE RESOLUCION

Expte: 1405/1102

Informe xurídico de solicitude de acceso á información pública

Antecedentes

En data 20.03.2023 D. [REDACTED] presenta solicitude de informes detallados das autopsias realizadas a animais falecidos no zoolóxico de Vigo dende 2019

En data 03.04.2023, previa solicitude, emitiuse informe por parte do Servizo de Medio Ambiente e Vida saúdarle

LEXISLACION APLICABLE

- [Constitución Española de 1978](#)
- [ei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público \(LRXSP\)](#)
- [Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local \(LBRL\)](#)
- [Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas \(LPAC\)](#)
- [Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno \(LTAIBG\)](#)
- [Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais \(LOPDGDD\)](#)
- [Regulamento \(UE\) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE \(RGPD\)](#)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- Do acceso á información solicitada.-

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, regula no seu artigo 12 o dereito de acceso á información pública, preceptuando que *"Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los términos previstos en el artículo 105,b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley.*

Asimismo, y en el ámbito de sus respectivas competencias, será de aplicación la correspondiente normativa autonómica."

Copia do documento - Concello de Vigo 1405-1102	Data impresión: 22/05/2023 10:58	Páxina 1 de 4
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O acceso á información constitúe un verdadeiro dereito subxectivo que se configura de maneira ampla en tanto que son titulares do mesmo todas as persoas sen que as mesmas teñan que alegar interese específico nin ser preciso a motivación da súa solicitude.

Aos efectos da LTAIBG (artigo 13) enténdese por información pública "los contenidos o documentos, cualquiera que sea su formato o soporte, que obren en poder de alguno de los sujetos incluidos en el ámbito de aplicación de este título y que hayan sido elaborados o adquiridos en el ejercicio de sus funciones." É precisamente a "información pública" así concibida sobre a que se proxecta o exercicio do dereito de acceso nos termos sinalados no artigo 17.1 LTAIBG: "El procedimiento para el ejercicio del derecho de acceso se iniciará con la presentación de la correspondiente solicitud, que deberá dirigirse al titular del órgano administrativo o entidad que posea la información".

A Lei define o obxecto dunha solicitude de acceso á información en relación a información que xa existe, por canto está en posesión do Organismo que recibe a solicitude, ben porque o mesmo a elaborou ou ben porque a obtivo no exercicio das funcións e competencias que ten encomendadas. E iso, para garantir o obxectivo que persegue a norma e que non é outro que "ampliar y reforzar la transparencia de la actividad pública, regular y garantizar el derecho de acceso a la información relativa a aquella actividad" (art. 1 de la LTAIBG).

SEGUNDO.- Respecto da solicitude formulada,

A vista da solicitude formulada consta no expediente informe ao abeiro do artigo 19.4 da LTAIBG de data 3.04.2023 asinado polo Xefe do Servizo de Medio Ambiente e Vida Saúdatablee no que sinala

" (...)

O Servizo de Medio Ambiente, VigoZoo, dispón de datos/informes, nalgúns casos de laboratorios externos, sobre necropsias realizadas a animais falecidos da colección zoolóxica de Vigozoo.

As necropsias de animais falecidos na colección zoolóxica de Vigozoo son realizadas, en case todos os casos, polo veterinario municipal das que extrae información interna. Ditas necropsias realízanse de acordo co programa avanzado de atención veterinaria a que se refire o artigo 4.c) da Lei 31/2003 de outubro, de conservación da fauna silvestre nos parques zoolóxicos. Sen ser obrigatorio, o parque zoolóxico Vigozoo, incluíu no seu Plan interno de atención veterinaria a realización das necropsias como mecanismo de axuda para o control de enfermidades e estudo sanitario da súa colección.

Estes datos/informes das necropsias son opinións, valoracións especializadas do veterinaria municipal que as realizou, non son datos/informes preceptivos nin vinculantes, e os realizados tampouco foron incorporados como motivación de ningunha resolución administrativa.

Trátase, por tanto, de datos/informes internos de carácter auxiliar que non forman parte de ningún procedemento administrativo, nin serviron de motivación para ningunha resolución administrativa.

En conclusión,

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2023 10:58	Páxina 2 de 4
1405-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A petición debe ser inadmitida ao abeiro do artigo 18.1 b) da LTAIBG que dispón que se inadmitirán a trámite, mediante resolución motivada, as solicitudes referidas a información que teñan carácter auxiliar ou de apoio como a contida en notas, borradores, opinións, resumos, comunicacións e informes internos ou entre órganos ou entidades administrativas.

o artigo 18.1 b) da LTAIBG dispón que se inadmitirán a trámite, mediante resolución motivada, as solicitudes: referidas a información que teñan carácter auxiliar ou de apoio como a contida en notas, borradores, opinións, resumos, comunicacións e informes internos ou entre órganos ou entidades administrativas.

Neste senso o Consejo de Transparencia y Buen Gobierno en Criterio Interpretativo número 6 do ano 2015, de 12 de novembro (CI/006/2015) determina

"- A interpretación sempre restritiva das causas de inadmisión fai que se considere información auxiliar ou de apoio só a que ten tal carácter polo seu contido e non polo formato ou denominación que se aplique.

- A desagregación en notas, borradores, opinións, resumos, comunicacións, e informes internos ou entre órganos ou entidades administrativas, non é nominal senón exemplos de documentos que cando conteñen información de carácter auxiliar ou de apoio pode ser cualificada como tal.

Así, será inadmitida cando:

- Conteña opinións ou valoracións persoais de autor e non a posición do órgano ou entidade.
- O solicitado sexa un texto preliminar ou borrador sen a consideración final.
- Trátase de información preparatoria da actividade do órgano ou entidade que recibe a solicitude.
- Refírase a comunicacións internas que non constitúen trámites do procedemento.
- Trátase de informes non preceptivos e que non sexan incorporados como motivación dunha decisión final.
- Por último, a información solicitada, deberá ter relevancia na tramitación do expediente ou conformación da vontade pública do órgano, é dicir que sexa relevante para a rendición de contas, o coñecemento da toma de decisións públicas e a súa aplicación."

De conformidade co informe do Servizo de Medio Ambiente procede a inadmisión en tanto que os informes solicitados, de carácter interno, se realizan como instrumento de axuda para o control de enfermidades e estudo sanitario da súa colección non tendo carácter preceptivos nin están incorporados como motivación dunha resolución final nin serven de base a conformación da vontade pública do Concello.

TERCEIRO.- Do órgano competente

A resolución da solicitude correspóndelle á Concelleira de Seguridade, Contratación, e Xestión Municipal segundo Resolución de Alcaldía de delegacións específicas do 26.06.2019 e 6.09.2022

Polo exposto formúlase a seguinte **PROPOSTA:**

Copia do documento - Concello de Vigo 1405-1102	Data impresión: 22/05/2023 10:58	Páxina 3 de 4
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

PRIMEIRO.- Inadmitir a solicitude formulada por D. [REDACTED] ao abeiro do artigo 18.1 b) da LTAIBG

SEGUNDO.- Notificarlle á persoa interesada e comunicarlle que contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán interpoñerse os recursos ou reclamacións que a continuación se indican:

a) Recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción desta notificación.

b) Con carácter potestativo, reclamación previa á súa impugnación ante a xurisdición contencioso-administrativa perante o Valedor do Pobo de Galicia, dentro do prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo. No caso de optar pola reclamación non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquela sexa resolta expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente”.

A Secretaria de Administración Municipal, Susana Gallardo Fariña

DECRETO: Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE COA MESMA.**

Vigo, data segundo sinatura electrónica á marxe

A Concelleira de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal (PD Resolución da Alcaldía de data 6.09.2022) Dona. Patricia Rodriguez Calviño

Dou fe, a Secretaria de Administración Municipal, Susana Gallardo Fariña

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2023 10:58	Páxina 4 de 4
1405-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		